

# O GALEGO, LINGUA VITAL

**MANIFÉSTATE  
POLA LINGUA!**

Domingo, 17 de maio  
de 2026, ás 12.00h.  
Alameda de Santiago  
de Compostela.

Haberá autobuses.  
Infórmate en  
[queremosgalego.gal](http://queremosgalego.gal)



# O GALEGO, LINGUA VITAL

O galego é a nosa lingua vital. Precisámolo para a existencia, o desenvolvemento e a cohesión social de Galiza. No entanto, os datos confirman a situación de emerxencia lingüística derivada da ausencia de oferta e disposición. A exclusión da lingua galega limita a posibilidade de uso e impide que quen xa o fala se manteña e que quen non o fai se poida incorporar a ela.

A Xunta de Galiza, non só non cumpre coa súa obriga legal e moral de promover o noso idioma senón que nestes dous anos impulsou accións directas na súa contra: votacións no Parlamento contra o galego na xustiza, nas notarías ou nas xestorías; contra o aumento de profesorado de portugués; campañas en español nos centros de ensino; orzamentos raquíuticos que impiden executar calquera avance; exclusión do galego da administración con leis como a da Intelixencia Artificial; contratación pública sen coñecemento de galego ou priorizando o español nas páxinas web; boicot directo á oficialidade do galego na UE e á presenza de Galiza con voz propia na Unesco; impulso á súa desaparición nas relacións comerciais; festivais con fondos públicos cunha cota testemuñal ou nula de música en galego, aumento do control da RG e TVG cunha lei que permite o abandono do galego e da súa función normalizadora nomeadamente para o público infantil e xuvenil. Mentres, continúa vixente o veto e prohibición ás aulas en galego no ensino.

A emerxencia lingüística é reversíbel establecendo liñas de actuación claras que comprometan os poderes públicos e entidades sociais para asegurar a presenza do galego en todos os ámbitos e para todos os usos.

Con ese obxectivo centos de colectivos sociais agrupados arredor da plataforma cidadá Queremos Galego asumiron a responsabilidade de actuar e de adquirir compromisos concretos.

O resultado deste traballo é o protocolo Lingua Vital que propón accións individuais, sociais e institucionais para traballar pola lingua nos nosos ámbitos mais tamén coordinadamente, con unidade, por riba de diferenzas lexítimas, todas as persoas, colectivos e institucións que acreditamos que Galiza só ten futuro se a súa lingua ten futuro. Un verdadeiro pacto pola lingua no que hai sitio para todas as persoas, colectivos e institucións que queiran garantir o futuro de Galiza e do seu idioma.

## MANIFÉSTATE POLA LINGUA!

**Domingo, 17 de maio, ás 12h na Alameda de Santiago de Compostela**